

TEMA 22. EVOLUCIÓN DA SOCIEDADE NO SÉCULO XIX. SITUACIÓN DA MULLER

Durante todo o século **XIX España** duplicou a súa poboación, pasando de 10 a 19 millóns de habitantes, a pesar de que a mortalidade seguía sendo moi alta debido ás malas condicións de vida.

A maioría desta poboación vivía na periferia da península, que era máis activa economicamente que o interior, do que cada vez marcharía máis xente cara as grandes cidades en busca de traballo, especialmente cara **Barcelona** e **Bilbao** (pola súa industria) e tamén Madrid (por ser a capital).

Pero a pesar disto, ao ser a industrialización do país moi lenta e moi desigual, a sociedade española seguiu sendo durante o XIX predominantemente agraria, cun **60%** adicado ao campo, e traballando terras que en moitos casos nin sequera eran súas, senón da nobreza e a Igrexa, quen acaparaban as grandes propiedades agrícolas, vivindo das rendas que os campesiños lles pagaban.

Neste sentido, a maioría da sociedade española vivía aínda nunha economía e sociedade propias do **A.Réxime**, cos 3 grupos sociais tradicionais: **nobreza, clero e campesiñado**.

DE SOCIEDADE ESTAMENTAL A SOCIEDADE DE CLASES: A BURGUESÍA E O PROLETARIADO

Pero durante o **XIX**, coa chegada das novas ideas liberais e tamén do lento despertar da industria, o **Antigo Réxime** entrou en crise en España, sendo substituído pouco a pouco por un sistema liberal que chegaba co propósito de estender lentamente dereitos e liberdades á poboación.

Así, a sociedade española foi pasando dunha sociedade estamental, baseada no sangue (e típica do **AR**), a unha sociedade de clases, baseada no mérito persoal e riqueza (e propia da nova sociedade liberal).

Este cambio foi impulsado pola **burguesía**, con poder económico pero non dereitos como os privilexiados, polo que esta presionou canto puido para lograr substituír o **Antigo Réxime** por un sistema liberal, co que conseguiu: máis dereitos, máis liberdade para os seus negocios e poder participar en política.

Esto último foi a chave para lograr cambiar desde o poder as leis, e beneficiar así os seus negocios, por exemplo abolindo gremios e aduanas interiores, ou evitando estender dereitos aos seus traballadores.

Así foi como a **burguesía** converteuse no XIX no novo grupo social hexemónico ou máis importante, diferenciándose claramente unha alta burguesía, de banqueiros, industriais ou ricos comerciantes, cun enorme poder económico pero tamén político (ao ocupar postos en gobernos), e que destacou especialmente en cidades industriais como **Barcelona** ou **Bilbao**; e por outra lado, nun segundo plano, unha pequena burguesía, menos poderosa, formada por pequenos comerciantes, profesións liberais (médicos, avogados, farmacéuticos...), funcionarios...

O outro novo grupo social emerxente deste século, tamén da man do liberalismo e a chegada da industria, foi o **proletariado**, é dicir, os traballadores das novas fábricas, que traballaban e vivían en pésimas condicións: con longuísimas xornadas de traballo (12 ou 14 horas diarias, todos os días), poucos ou ningún dereito (non podían reunirse, asociarse, sindicarse ou ir á folga) e un salario ínfimo, que apenas abondaba para cubrir as necesidades básicas.

Ademais, estes míseros salarios e a falta de leis que protexeran aos traballadores, fixo que tamén mulleres e nenos (desde os 8 anos) fosen empregados tamén masivamente, non aparecendo ata o ano 1900 ningunha lei que os protexera destes brutais abusos.

Precisamente estas malas condicións que tiña o proletariado foi creando neles unha **conciencia de clase**, e foi o que os acabou unindo para organizarse e loitar para conseguir dereitos; este “movemento obreiro” por conseguir melloras collería forza conforme avanzaba o século, pasando por formas de protesta como o ludismo, as sociedades de socorro mutuo, os sindicatos ou a folga e logrando por fin, a finais do XIX, dereitos laborais básicos aínda hoxe, como a xornada laboral de 8 horas, o descanso en domingo, ou o inicio dos límites ao traballo infantil.

Mentres, no campo, segue habendo unha división moi clara entre a metade norte do país, na que abundan os pequenos propietarios agrícolas, que traballan as súas propias terras, así como os campesiños que traballan terras alleas a cambio do pago de rendas e traballos abusivos; e por outro lado a metade sur da península, na que predominan os latifundios (enormes propiedades de terra) traballados por xornaleiros (agricultores sen terra), que malviven a cambio dun xornal ou salario diario, amecendo cada día sen saber se van poder traballar e obter un xornal ou non.

Artesáns, pequenos comerciantes, criados e pastores completan, xunto aos pobres, esta sociedade do XIX.

A SITUACIÓN DAS MULLERES NO SÉCULO XIX

A muller seguía relegada na España do século XIX a un segundo plano, nunha sociedade moi patriarcal, na que eran educadas desde nenas para casar, procrear e cargar co coidado da familia e do fogar, e para estar sempre sometidas á tutela e autoridade dun home (o pai, o marido ou, incluso na súa vellez, o fillo), como un ser inferior en dereitos ao home, e polo tanto educábanse para que non destacaran nunca sobre este: era malo que falaran antes que o home, que souberan máis cá el ou que administrasen mellor os recursos.

Esta discriminación, que nacía xa no mesmo seo familiar e estaba moi influída pola tradición católica, dábase tamén a outros niveis:

- A asistencia á escola era case nula, polo que a **Lei Moyano (1857)** fíxoa obrigatoria para nenas de 6 a 9 anos, pero con materias distintas ás dos nenos: Relixión, Modais e Labores.
- O acceso á **universidade** tiñano prohibido e cando se permitiu requería de permisos especiais; coñecido é o caso de mulleres como **Concepción Arenal**, que tiveron que asistir disfrazadas de home ou pasar probas especiais para que se lles deixara asistir como oíntes.
- Os matrimonios eran concertados polo pai, perdendo o dereito á herdanza se o rexeitaban.
- A nivel legal, as leis do XIX mantíñanas totalmente relegadas e sometidas ao home (salvo ás viúvas) non podendo, sen permiso de pai ou marido, asinar contratos, facer escrituras ou interpoñer un xuízo,
- E a nivel laboral, os salarios das proletarias eran aprox. a metade que o salario dun home, o que afectou tamén negativamente aos salarios dos homes, polo que as viron como competencia.
- E por suposto sen dereito ao voto (que se lle concede por vez primeira en 1931, na **2ª República**).

De feito, o movemento sufragista, que reclamaba o dereito a votar e ser elixidas para cargos públicos, non comezou en España ata o século XX, e a finais do XIX o feminismo existente centrouse máis ben en lograr estender a educación ás mulleres, creándose en 1874 a *Asociación para la Enseñanza de la Mujer*, con **Concepción Arenal** como colaboradora, ou en 1898 a *Academia anglo-francesa para a educación das mulleres* en Bilbao.

Habrá que esperar ao inicio do **século XX** para lograr a conquista dalgúns destes dereitos e o proxecto dunha maior igualdade entre mulleres.